

# Lingua, creación, políticas do cinema

## Margarita Ledo Andión

- Previo: a abordaxe desta relación “Lingua, creación, políticas do cinema” facémola na perspectiva dun dos proxectos de pesquisa, “EU-VOS”, que arestora desenvolve o Grupo de Estudos Audiovisuais que coordino, e que tén a ver coa aplicación das políticas da diversidade a unha acción específica: o subtitulado de filmes. De filmes que pertencen a cinematografías das así chamadas “pequenas nacións”, con ou sen estado.
- Na procura da propia tradición partimos do “síntoma como gozo”, que exemplificamos no primeiro filme nacional galego, *Galicia-Finisterre*, Carlos Velo, 1935-1936, nos filmes amadores dos anos 70 (sempre en galego) e ate aquelas 3 primeiras longas de vocación comercial que se presentan no 1989, e chegamos ao “síntoma como doenza”, do galego como lingua residual da produción cinematográfica da Galicia actual.
- Como mostra, recomendamos o visionamento do premio María Luz Morales “Films from Galicia” de Brais Romero Suárez dende a web da Academia Galega do Audiovisual, AGA
- Agradezo ao prof. Monteagudo, investigador do proxecto, e a Silvia Roca, do Grupo de Traballo, a súa colaboración

## A lingua como elemento de identificación do filme coa cultura galega

- Cinema: valor simbólico (representación comunal e autoral); valor de uso e valor de cambio; lugar para a creatividade a través da linguaxe fílmica [ e non só]
- Lectura crítica e relación do pensamento académico, do discurso institucional, e da toma de posición de expertxs
- Lingua, dereito fundamental: UNESCO (2009): a lingua non é un simple medio de comunicación; é tecido das expresións culturais, o vehículo das idnetidades, sistema de valores e visións do mundo
- Todas as linguas son expresión dunha identidade colectiva (...) todas as comunidades lingüísticas teñen o dereito a organizar e xestionar os seus propios recursos para garantir o uso da lingua en todos os contextos...” [Protocolo para a garantía dos dereitos lingüísticos]



CSO2016-76014-R  
Patrimonio Cultural Inmaterial.  
Para un programa europeo de subtítulo  
en lenguas no hegemónicas



# PATRIMONIO CULTURAL INMATERIAL

Para un programa europeo de subtítulo  
en lenguas no hexemónicas

---

*Un image ne se prend pas, elle est  
produit (...) elle attend de ceux qui la  
produisent et de ceux qui la regardent, la  
constrution du regard qui lui donnera du  
sens*

Marie -José Mondzain

## Indicadores

- Resultados da investigación finalizada en 2015, “Cara ao espazo dixital europeo: o papel das pequenas cinematografías en versión orixinal”: **a dispoñibilidade de películas en versión orixinal (VO) e versión orixinal subtitulada (VOS) constitúese en opción irrenunciábel e insustituíbel no actual mapa cultural europeo secomasí en garantía do éxito da circulación transfronteiras.**
- O manifesto que recolle os principios da iniciativa [\*Glocal cinema: big stories, small countries.\*](#)

## Antecedentes

- 1992: os estados membros do Consello de Europa ratificaron en Estrasburgo a *Carta Europea das Linguas Minoritarias*.
- Rol estrutural das **linguas non hexemónicas** no desenvolvemento e preservación da **diversidade cultural** [ref. Informe Mundial da Unesco, 2009 que vincula o plurilingüismo e a tradución co fomento do **diálogo intercultural**].
- 2013: Disposición do Parlamento Europeo para programas Erasmus + e Europa Creativa que inclúe axudas ao financiamento do **subtitulado** como vía para facilitar a **accesibilidade ea circulación das obras europeas**.

## Diversidade

- ...non é pluralidade, non é recoñecer a outros como diferentes senón ocupar territorios diferenciados. A diversidade é numérica e territorial. É a posesión do lugar e dos recursos –comunicacionais, económicos, financeiros- para transformarllos en acción. A diversidade en cinema á a posibilidade de aprender e de ter acceso aos recursos para a produción autónoma.
- Muniz Sodré (Un. Río de Janeiro)

## Novas variábeis

- Diversidade, dereito político: recursos para a súa posta en práctica
- Nacións (con ou sen Estado) como categoría de análise e como espazo de diversidade:
- ...he [Karl Deustch] observed that the nation-state was *'still the chief political instrument for getting things done'*(...) the theory therefore entertains an idea –that of 'the nation without state'- which has become increasingly significant of late both **as an analytical category and as a political project** aimed at redefining the autonomy of national groups within the existing international system States.

Philip Schlesinger

- Linguas
- Cinema, actor na reconstrución das « *imagined communities* »

## Diversidade lingüística e cultural: políticas, recursos, territorios

- A través da **lingua** e do discurso construímos a nosa **identidade**.
- Relación **diversidade** lingüística e **interculturalidade**.
- Punto de vista económico e utilitario, desconectadas das culturas específicas.
- **A globalización** ultraliberal, co seu efecto de *comodificación* das linguas e culturas, **obstáculo para a interculturalidade**: no XXI desaparecerá o 90% ddas ienguas que se falan



## Síntoma de doenza: VO e posición oficial europea no multilingüismo como obxectivo

- 2011: “Estudo sobre a utilización do subtítulo” >> mellorar a enseñanza en linguas estranxeiras
  - **Non se vincula coa expresión da diversidade cultural e lingüística**
  - 27 países, 3 prácticas: subtítulo, dobraxe, *voice over* + audiodescrición e subtítulo persoas con déficit de audición
    - **Non se contemplan situacións de pluralidade lingüística. No caso español, só se menciona a Lei do Cine Catalán (2010)**
  - España, país de dobraxe e de dominante Usamericana
- Nota>: 72% confía no uso pedagóxico do subtítulo e en acceder á versión orixinal se esta oferta entrase nas canles de tv.

## O caso galego:

- O galego vai esvaecendo como esixencia para as subvencións públicas, tanto para a produción como para festivais
- A súa presenza é “menor” nos catálogos oficiais de filmes
- Festivais: para as axudas, pídese a programación do 5 por cento de filmes “producidos en Galicia” sen referencia á lingua. Canto as lendas en galego de filmes de outra procedencia, dúas excepcións: MICE, edición 2017: 2 filmes subtitulados, coa colaboración do Cineclube de Compostela
- Curtocircuito: 2015: 45 filmes subtitulaos; 2016: 61 filmes

# O caso galego

- **Lei 6/1999 do Audiovisual de Galicia**

- **Non contempla o subtítulo como instrumento para a visibilidade da lingua galega no audiovisual, mesmo cando adica un capítulo específico á exhibición cinematográfica.**
- **Omite as emendas propostas no debate parlamentario da proposición de lei relativas ao subtítulo, tales como:**
  - Posibilitar a visión comercial do cine estranxeiro en Galicia en versión orixinal con lendaxe en galego ou ben con dobraxe ao noso idioma
  - Dotarse das obras máis importantes da cinematografía de todos os tempos en versión orixinal con subtítulos en lingua galega e posibilitar a súa visión en circuitos non comerciais ou de cinéfilos.
  - Garantir que, no prazo de dous anos, a partir da promulgación da lei, en todas as cidades de máis de 35.000 habitantes exista, polo menos, unha sala que ofrezca o cinema estranxeiro e da UE dobrado ou con lendaxe, alén de cinema galego e coproducións. Velar para que foran as copias dobradas ou con lendaxe en galego as exhibidas por todas as salas cinematográficas do país.

## O caso galego

### **Lei 9/2011, de 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.**

- Introduce modificacións á Lei 6/1999 nos Principios Xerais da Actividade Audiovisual
  - Artigo 4 antes da modificación:
    - “As actividades recollidas nesta lei basearanse nos seguintes principios:
      - b) A promoción e difusión da cultura e a normalización da lingua galega, así como a defensa da identidade de Galicia”
  - Artigo 4 despois da modificación:
    - “As actividades recollidas nesta lei basearanse nos seguintes principios:
      - b) A promoción e difusión da cultura e lingua galegas, así como a defensa da identidade de Galicia”
- Non contén referencias ao subtitulado ou dobraxe de filmes foráneos ao galego

As fases e expectativas de “Eu-Vos” que, para alén de ser o acrónimo de “Europa-Versión orixinal subtulada”, en galego refírese ao persoal (eu) como parte do colectivo (nós), insérese no escenario da interculturalidade, soamente posíbel –tal e como nos aprendeu Martín Barbero- na práctica de “contarse aos outros” e é conscente da advertencia do profesor de Paris8 e colaborador noso, Jacques Guyot, que

“si ces cinematographies en langues non-hégémoniques ont un chance d’exister, c’est avant tout grâce à la mise en place d’aides publiques”

Deseño para o seu desenvolvemento:

- Cartografía e **análise comparativa** de políticas públicas e **líñas de fomento** existentes en materia de subtulado en linguas minoritarias a nivel comunitario, estatal e autonómico.
- **Barreiras e/ou motivacións** para a accesibilidade do cinema producido en linguas non hexemónicas
- **Innovación e produción** de subtulado en linguas minoritarias
- O dereito a non ser “dobrado” como obxectivo; revisión crítica da política comunitaria; a relación entre cinema e lingua